LIBRO
VIAXEIRO



# LERIAS E ENREDOS

# DOUTRO TEMPO







CEP CARLOS CASARES
2023-2024



# NORMAS DE USO



Ao longo deste curso imos traballar os Xogos Populares e Tradicionais como parte da nosa cultura inmaterial.

É por elo, que vos pedimos axuda para recuperalos e deste xeito poder transmitirllo á cativada.

Gustaríanos que lles expliquedes algún xogo da vosa nenez e que, en familia, elaboredes o presente libro.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN



Nome do nen@: Pedro

Nome do xogo/ xoguete: Ana

Datos da persoa que xogaba: A miña nai

Material: Botellas de plástico e tapóns

Nº de xogador@s: 2

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

A mina nai xogaba cando era pequena e ensinaume a xogar.
O obxectivo do xogo e introducir 6 aneis desde unha distancia
determinada pola boca aberta dunha ra metálica que,
colocada, sobre unha mesa rodeada de 4 a 6 buratos dará
unha serie de puntos que se sumaran e gaño quen obteña a
maior puntuacion despois de 100 lanzamentos.
O meu irmán Sergio mais eu fixemos unha boca en un lugar
de aneis metálicos, xogamos con tapóns de plastico numerados
do 100 ó 10.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Jade.
Nome do xogo/ xoguete: Ovo, pico e araña.
Datos da persoa que xogaba: A miña familia.
Material: O corpo humano.
Nº de xogador@s: Varios.
Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Ese xogo xogábase nos recreos. O xogo consiste en saltar na espalda do compañeiro. Hai que adiviñar se é ovo, pico e araña.



Door Piere Araña

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Vera

Nome do xogo/ xoguete: ariños e saquiños

Datos da persoa que xogaba: un amigo dos meus pais

Material: unha caixa con buracos e unha táboa con furados

Nº de xogador@s: 2 ou máis / aros e saquiños

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. Colócase o xogador a distancia da caixa ou a táboa e lánzanse os saquiños ou os aros, según onde caian puntuarán máis ou menos. Gaña o xogador que máis puntos acade.







Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Xulia

Nome do xogo/ xoguete: brilé

Datos da persoa que xogaba: Miña nai

Material: balón

Nº de xogador@s: 4 ou mais

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

O brilé consiste en: se formar dous equipos, cada un ten que tratar de eliminar o equipo contrario a balonazos. Quen o consiga antes gaña.

Xogábase nos recreos e naqueles momentos onde se xuntaban unha morea de nenos, cantos máis mellor.




¡¡IMOS XOGAR Ó BRILÉ!!
¿QUE VOS PARECE SE XOGAMOS XUNTOS?
BOA IDEA
SI
IMOS ELEXIR EQUIPOS. PEDRA PAPEL, TISOIRAS
SOMOS UN EQUIPO
NOS TAMÉN
XA ESTÁ O CAMPO PINTADO A XOGAR!
VOUTE BRILAR
GAÑA O EQUIPO QUE ELIMINE ANTES A TODOS OS NENOS DO OUTRO EQUIPO
CAMPEONS!!

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Candela

Nome do xogo/ xoguete: Carreira con rodas

Datos da persoa que xogaba: meu Pai

Material: Unha roda e dous paus

Nº de xogador@s: Varios

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Collemos unha roda vella de carretilla, botamos un pouco de auga dentro e facémola rodar cos dous paus.
Xogábase nos camiños e facíanse carreiras cos amigos.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando







Nome do nen@: Gabriel

Nome do xogo/ xoguete: bonecas

Datos da persoa que xogaba: miña avoa

Material: Carulos de millo, teas e carbón

Nº de xogador@s: cantos mais mellor

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Miña avoa cando era pequena facía bonecas cos carulos do millo, con retais de tea e pintáballe os ollos e a boca con carbón.
xogaba cos seus irmáns e cos seus amigos.
E cantáballe nanas:

Durme meu neno
que teño que facer
lavar os cueiros
planchar e coser.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando











Nome do nen@: Filipa

Nome do xogo/ xoguete: A corda

Datos da persoa que xogaba: Miña nai

Material: Unha corda

Nº de xogador@s: Moitos e moitos

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Miña nai xogaba á corda no torreiro de Alxén e no colexio coas súas compañeiras e compañeiros. Cantaban a seguinte canción en castelán.

"Al montón
que poquitos son,
si son pocos
que entre el otro."

Gañaba a última que quedaba saltando.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Antía

Nome do xogo/ xoguete: as peonzas

Datos da persoa que xogaba: o avó e papá

Material: unha corda e unha peonza

Nº de xogador@s: 2 ou máis

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

É un xogo de finais de outono e comezos de inverno así como dice o refrán. Polo San Martiño, trompos ó camiño. O xogo consiste en enrolar unha corda ó redor do trompo e lanzalo dentro dun círculo feito previamente no chan e facelo rolar. Unha vez que acaba de rolar terá que saír fóra do círculo coa súa inercia, e de non ser así quedarase alí ata que alguén consiga sacalo fóra.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Éri

Nome do xogo/ xoguete: As palmas

Datos da persoa que xogaba: Miña nai

Material: As palmas das mans

Nº de xogador@s: Dúas persoas ou máis

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Xógase chocando as palmas das mans de diferentes maneiras, mentres cántase unha canción. Como por exemplo esta que detallo:

Choco, choco, la, la
Choco, choco, te, te
Choco, la, Choco, te
¡Choco-la-te!

A miña nai xogaba no patio da escola na hora do recreo.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Mia

Nome do xogo/ xoguete: Carreras de chapas

Datos da persoa que xogaba: o meu pai

Material: chapas e tiza.

Nº de xogador@s: dous ou máis

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Xógase facendo un circuito con tizas no chan.
Fanse tiros por turnos, golpeando a túa chapa co dedo.
Gaña o primeiro que chega á meta sen saírse fóra do circuito.
Se a túa chapa sae do circuito tes que volver a empezar

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Diego

Nome do xogo/ xoguete: A roda

Datos da persoa que xogaba: Avós e mamá

Material: As persoas

Nº de xogador@s: Dous ou máis

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Xogabamos no cole. Consiste en dúas ou máis persoas en facer un círculo e collendose da man xiran arredor e van cantando:

"A la rueda, rueda pan y canela tomate un ochavo y vete a la escuela. Si no quieres ir échate a dormir. Maripé, Maripé, sentadita me quedé"

Ao decir isto séntanse ou agáchanse todos e así síguese ata cansarse.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando







Nome do nen@: Mateo

Nome do xogo/ xoguete: pasimisí pasimisá

Datos da persoa que xogaba: miña nai e miña madriña

Material: varios amigos e amigas

Nº de xogador@s: máis de 3

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. Xogábase nos recreos do colexio ou cando se reunían os amigos no barrio. dúas persoas agarrando as dúas mans, e, "en segredo" elixen entre dúas cousas (exemplo: fresa e plátano). Logo cántase a cantiga mentras o resto de nenos pasan por debaixo dos brazos. O neno que quede atrapado ao acabar a cantiga elixe entre as dúas cousas e dependendo do que elixa vai para detrás dun ou doutro. Ao acabar de pasar todos, ambos equipos tiran cara a atrás gañando o que máis forza teña.

CANTIGA

Pasimisí, pasimisá,
Pola porta de Alcalá
os de adiante corren moito
os de atrás se quedarán.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Mateo

Nome do xogo/ xoguete: petanca

Datos da persoa que xogaba: o meu amigo Félix

Material: pelotas de ferro máis boliche

Nº de xogador@s: dupletas ou tripletas

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. Xógase nun campo de terra delimitado. Tirase primeiro o boliche e logo cada xogador tira 3 bólas acercándose o máximo ao boliche ou apartando as bolas dos contrarios. Ao acabar, as bolas máis próximas ao boliche contan un punto. Gaña o equipo que chegue a 13.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando







Nome do nen@: Lara

Nome do xogo/ xoguete: o aro

Datos da persoa que xogaba: Abuela

Material: Un aro e un arame

Nº de xogador@s: cantos máis mellor

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. Xógase dirixindo o aro co arame. e pódense facer carreiras ou ver quen chega máis lonxe.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando



Nome do nen@: Cara

Nome do xogo/ xoguete: A mariquitilla

Datos da persoa que xogaba: Abuela

Material: Un pau e unha pedra

Nº de xogador@s: cantos máis mellor

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. Primeiro hai que debuxalo

Tirar a pedra a cado número

E tar que sal- tar á pata coxa

sin pisaro número donde

está a pedra.



Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Lara

Nome do xogo/ xoguete: O elástico

Datos da persoa que xogaba: Aleuela

Material: Un elástico

Nº de xogador@s: 3 ou máis

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. 2 persoas tiñan que suxeitar o elástico e outra saltaba

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Vera

Nome do xogo/ xoguete: se/se/se/

Datos da persoa que xogaba: miña nai

Material: os mans

Nº de xogador@s: dous ou más

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. primeiro mexense os mans no aire e logo unha man mirando para arriba e outra para abaixo

golpéanse cos do persoa de enfernte en sentido contrario, logo bátensen e chócanse o ritmo dunha cantiga xogábase en calquera sitio e hora.

A canción:

"se/se/se. En la calle -lle 24 ha sucedido -do un asesinato -to.

Una vieja -ja mató un gato -to con la punta -ta del zapato -to.

Pobre vieja, pobre gato, pobre punta del zapato"

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Vera

Nome do xogo/ xoguete: chichimonis

Datos da persoa que xogaba: meu pai

Material: calquera cousa que caiba nos mans sen que se vexan.

Nº de xogador@s: dos ou mais

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

É un xogo de cálculo e probabilidade.

O xogador garda na súa man sen que ninguén o vexa de 0 a 3 pezas. Logo en corro os xogadores expoñen a man pechada. Por turnos, tendo en conta as que leva na man e as que van dicindo os anteriores, o xogador ten que acertar o número total de pezas no corro. Xógase en calquera parte: Na casa para ver quen fai as tarefas, No bar, quen paga a rolda.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando





Nome do nen@: Irianna
Nome do xogo/ xoguete: mikado (palillos chinos)
Datos da persoa que xogaba: un amigo dos meus pais
Material: variñas de madeira longas
Nº de xogador@s: 2 a 6
Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. O obxectivo do xogo é eliminar as variñas sen mover os outras.

Preparación do xogo: Enriba da mesa, as variñas son presionadas na man e despois ábrese a man para deixalas caer en abanico. Comeza o xogador máis novo. Xógase no sentido horario. Cando lle toca o seu turno, o xogador tenta quitar a variña que elixa. Ao facer isto en ningún caso debe tocar ou mover outra variña. Se moves sen querer outra variña, perderás a túa quenda e tocaralle ao seguinte xogador.
Ao final do xogo, os xogadores suman os puntos de cada unha das variñas que gañaron. O gañador é o que acumule o maior número de puntos.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Irianna

Nome do xogo/ xoguete: Boliche

Datos da persoa que xogaba: os meus pais

Material: Un pau, unha lata e unha corda

Nº de xogador@s: 1

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera. O boliche é un xogo moi antigo que se coñece en moitos países. Meus pais xogaban a el cando eran nenos.

Consiste en cunha soa man conseguir introducir a lata no pau.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Mara

Nome do xogo/ xoguete: Sangue

Datos da persoa que xogaba: A miña familia materna

Material: Unha pelota

Nº de xogador@s: Catro ou máis

**Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.**

Un xogador ten a pelota, a lánzaa
ao aire e dí o nome dun xogador ao
que lle declara a guerra. Este ten
que ir a pola pelota, mentres os
outros escapan. Cando o xogador colle
a pelota ten que berrar: sangue. Nese
momento os xogadores teñen que parar.
O xogador que ten a pelota ten que dar
tres pasos e intentar darlle a un compa-
ñeiro para eliminalo.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Mara

Nome do xogo/ xoguete: Pincha

Datos da persoa que xogaba: O avó Jorge

Material: Un pau longo e outro corto

Nº de xogador@s: Dous ou máis

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Primeiro faise un cuadrado da medida do pau de bater e no centro do recuadro faise un burato alargado hacia onde están os que teñen que coller a pincha. A quince pasos faise unha liña detrás dela colócanse os xogadores que teñen que coller a pincha. Se a collen no aire gañan se lles cae no chan un dos xogadores ten que tirala coa man o máis cerca posible do recadro. Se cae no recuadro gaña. Se cae fóra mídese co pau de bater dende o centro do burato se toca a pincha gaña o que a lanzou coa man. De non ser así o que ten o pau de bater ten tres tiros para distancialo do recuadro. Despois hai que medir co pau de bater o que lanzou a pincha coa man ten que dicir cantos paus hai ata o recuadro se hai menos paus dos que disco o que lanzou o pau, perde.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando









Nome do nen@: Jade.
Nome do xogo/ xoguete: Canicas.
Datos da persoa que xogaba: Meu pai.
Material: Bólas de cristal ou ferro.
Nº de xogador@s: Varios.
Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Xogábase no recreo e nos ratos libres. O xogo consiste en tirar unhas moedas fóra do círculo e tamén facer chocar as bólas.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando



Nome do nen@: Ariadne

Nome do xogo/ xoguete: o pañuelo

Datos da persoa que xogaba: a miña nai e as súas irmás

Material: Un pañuelo, pedra

Nº de xogador@s: 5 ou máis

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

Xogábase na rúa.
Para xogar, un ten que agarrar o pañuelo e os outros xogadores forman dous grupos co mesmo número de xogadores.
O neno do medio di un número.
O nen@ que sexa ese número ten saír correndo para coller o pañuelo.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando.

Vamos Xogar ao Pañuelito








Nome do nen@: Shaila

Nome do xogo/ xoguete: tira y afloja

Datos da persoa que xogaba: miña Nai, e padriño

Material: unha corda

Nº de xogador@s: varios

Explica como, onde, cando se xogaba e escribe a canción, se a tivera.

compiten 2 equipos que turran dunha corda, cada un nun extremo da mesma, intentando arrastrar o contrario fora da marca.

Agora fai un debuxo do xogo ou pon unha foto na que se vos vexa xogando







